


Luís Seoane:

Día das Artes Galegas 2019

Merecida homenaxe
a un artista creador polifacético

Dr. JOSÉ MARTÍNEZ-ROMERO GANDOS





Mural de Seoane no Castro (foto Estevo Rodríguez)

AGRADECIMENTOS: A.A. C. “Irmáns Suárez Picallo” agradece a colaboración da Real Academia Galega de Belas Artes, da Fundación Luis Seoane e de Xosé Díaz aportando algunhas das ilustracións que aparecen nesta publicación. O resto das fotos e ilustracións nas que non se indica procedencia son de José Martínez Romero.

Edita: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo
 comisionsuarezpicallo@gmail.com
[http:// www.blogoteca.com/acsuarezpicallo](http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo)

Foto da portada: Acuarela 1979 (Martínez Romero)

Maquetación e Impresión:
 LUGAMI Artes Gráficas (Betanzos)

Sada - Marzo, 2019

D.L. C 814-2014

Tirada: 600 exemplares



Estatuto (foto de Xosé Díaz).


A Real Academia Galega de Belas Artes, na súa sesión ordinaria do 30 de xuño de 2018, decidiu por aclamación e apoiada por institucións culturais galegas, homenaxear ao longo do ano 2019 e de xeito especial o día 1º de abril, Día das Artes Galegas, Luís Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979).

Non fariamos honra á amizade que Luís Seoane e Maruxa Fernández de Seoane brindaron a Pilar Jeremías Cela e mais a quen isto escribe, dende aqueles nosos anos mozos da loita pola cultura galega até a cadansúa partida ao alén da eternidade, se non contribuíramos a espallar, profundar e difundir a figura de Luís Seoane, tanto como teórico da arte, creador, deseñador, caricaturista, debuxante, pintor, muralista ou anovador nos eidos da cultura.

A mesma Academia de Belas Artes establece o seu aporte á imaxe dunha Galicia baseada na interacción de tradición e innovación a través do que chama “industrias da memoria” fundamentalmente baseadas nos traballos realizados tanto en Sargadelos como no Castro. Nós pretendemos, humildemente, engadir o aporte de obras e proxectos realizados por Seoane no alén-mar do exilio e da emigración galega na Arxentina.

Non é tarefa doada. O relato da polifacética obra deste gran creador non se abrangue nun escrito nin a penas nunha extensa bibliografía xa publicada con anterioridade. Mais cómpre aportar para que a súa figura sexa recoñecida na súa máxima amplitude.

Luís Seoane foi un home excepcional: pensamento moi lúcido, ideas firmes e crenzas baseadas na ética, na solidariedade, na igualdade de dereitos e na liberdade. O seu obrar movíase máis por estas ideas que por consideracións prácticas. O seu patrón de perfección, o seu ideal, sempre foi a beleza, as cores e as formas, aínda que sempre afirmou o predominio da realidade social do seu tempo.



Non pretendo mitificar a súa figura senón transmitir a admiración e respecto que moitos mozos e mozas, naqueles anos do século XX, sentiamos por Seoane. Sen ter moita conciencia disto, convertiamonos en caixa de resonancia das ideas, traballos e creatividade dos integrantes das longas conversas nas tertulias que Luís organizaba no seu piso da rúa Montevideo. Alí concurrían Rafael Dieste e Lorenzo Varela, habituais, e Arturo Cuadrado, Isaac Díaz Pardo, Raquel Forner, Arturo Raposeiras, Albino Fernández e outros que contribuían a facer do encontro unha experiencia inesquecibel. Falábase de política, arte, situación social internacional e da colectividade galega emigrada en Bos Aires. Alí aprendín que o éxito é efémero e que o traballo encol da realización de ideas ou proxectos asumidos con liberdade e responsabilidade é transcendente.

UN ACHEGAMENTO Á SÚA BIOGRAFÍA

Non falaba moito Luís da súa historia persoal, agás cando eses datos tiñan relación con algunha situación que tocaba a algún contertulio que asistía ó seu convite na rúa Montevideo. Lembro que unha noite saíu nesa xuntanza o tema dos problemas que os emigrantes enfrontaban na súa viaxe a Bos Aires. Cadaquén dos presentes aportou algunha referencia persoal. Eu calaba porque sempre foi un tema de moita angustia na miña casa. Meu pai fuxira no ano 1923 da casa aldeán temendo a incorporación ó exército. Pola contra, miña nai, inxenuamente, decidira deixar a que fora a casa patrucial que ela herdara ó seu irmán casadeiro e marchar a Vigo dende a aldea para embarcar rumbo a Bos Aires. Remataba o ano 1936 e caeu vítima das mafias que vendían pasaxes con documentación de galegos que xa emigraran, falsificando e amedrentando á portadora para que finxise que retornaba a Bos Aires.

Seoane aportou a súa experiencia contando de que xeito embarcou en outubro de 1936 no barco alemán Cap Norte para enfrontar unha moi longa travesía e amarre en innumerables portos americanos. Lembro moi ben que entón relatou que o mordomo do barco, nazi, aterrorizaba ós pasaxeiros coa idea dunha futura entrega ás autoridades ó chegar ó porto de Bos Aires para seren xulgados e fusilados. Moitos deles botábanse ó mar pola borda a penas chegar ó porto en Baía, en Santos ou en Río de Xaneiro.

Preguntou Luís que me pasaba (a miña faciana reflectía unha grande emoción e amosaba algunhas bágoas). Relatei como miña nai sentira a mesma angustia e o mesmo impulso de botarse ó mar en Santos, acción frustrada por un camareiro que seguira os seus pasos perante a travesía desconfiando da teima estudada de miña nai por finxir ser unha galega que estivera xa en Bos Aires e retornaba.


Agregou, entón, Luís as peripecias da súa arribada e detención no porto por non ter cumprido co servizo militar obrigatorio arxentino (Seoane nacera en Bos Aires), situación que todos coñecemos e que rematou coa súa liberdade en marzo do 1937 para achegarse ó porto a recibir no “Hotel de Emigrantes” a Maruxa Fernández, súa noiva, con quen casara por poderes, condición para ter licenzas militares.

Excepcional ocasión de atender o relato de experiencias persoais de Luís Seoane. Coma dixen máis arriba, non tiña moita afección por contar. Referente á súa biografía, publicada por Víctor Freixanes en *Unha ducia de galegos* non acordou con algúns datos publicados logo da entrevista que o autor lle fixera na Coruña no ano 1979¹.

Pódese ler na páxina web do Consello da Cultura a carta que Luís Seoane enviou a Ramón Piñeiro (1/10/1976): “...Recibín o libro de Freixanes, que che agradezo. Lástima que nesa entrevista que se refire a min cuasi invéntame unha vida que non é a miña. Nin meu pai foi tendeiro, senón un emigrante que traballou en moitas cousas como tódolos emigrantes, rematou sendo un comerciante moi chestertoniano, algún día escribirei disto, nin eu fun a escola na Coruña porque me mandaron meus pais, senón simplemente porque viviamos na Coruña, onde logo traballei de avogado con bastante éxito, para os dous ou tres anos en que me adiquei a elo; nin teño sillón de vime na miña casa da Coruña, nin a muller que pinteí cun cartel no peito era a nai dun emigrante, senón unha emigrante que escarneceron as autoridades suízas etc. E non entendeu tampouco a miña posición en canto aos emigrantes. Eu deféndoo como pobo, no seu conxunto, non me refiro senón en poucos casos, a eles individualmente. Cando son centos de miles os que saen dun país cara a outro é como si se tratara dunha invasión pacífica e van creando historia. E tamén cando son centos de miles algo fan sempre pola súa terra... Eu non desprecio a ninguén, isto é o que quero dicir. É posible que algún día escriba disto, dos emigrantes, para *Grial* se o publicades. Perdóame, a Freixanes dille que me gustou moito o libro, mais se o reedita ten que recoller ben, corrixir o que se refire á miña vida. Porque o curioso é que tomou notas que logo non interpretou ben...” (*sic*) (na terceira edición de 1982 seguía sen estar revisada e corrixida).

Para nós, emigrantes galegos, os conceptos de Seoane son moi claros. Emporiso, os historiadores sempre “percuran” documentación extensa sobre o suxeito de estudo. Tal sucede con Nadia Andrea De Cristóforis quen nun

¹ Freixanes, Víctor. (1979) *Unha ducia de galegos*.



traballo titulado *O exilio galego em Buenos Aires: Luis Seoane entre combate e desilusão (1936-1955)*² pregúntase: “Ahora bien, atendiendo a su heterogénea y diversa contribución al mundo cultural, ¿cuál era la profesión u oficio con el que se sentía más representado?” “¿Pintor o intelectual?” e respóndese: “Además de “gallego”, Seoane gustaba definirse como “emigrante”, antes que “exiliado”.

Certamente non valoraba o divismo nin tiña vontade de ser divo. Podemos engadirlle un anaco dunha carta que enviara a Francisco Fernández del Riego no 1955 encol deste tema: “(...) Mis datos personales los

conoces tú. Nací, no importa dónde, en una colectividad de emigrados, en 1910. Licenciado en Derecho, y pintor, sobre todo esto último, pues lo primero no me dejaron mucho tiempo para ejercer. Como pintor puedes añadir que últimamente ha adquirido dos obras mías el Museo de Arte Moderno de New York. Periodista, alternando con la pintura desde que llegué a Buenos Aires. Esto es todo (...)

Nunha carta que nos envía dende O Castro (2/3/1969) insiste en analizar as causas e consecuencias da emigración dos galegos e posibles solucións que promete conversar connosco ó seu regreso.

Nesta homenaxe preparada pola Academia Galega de Belas Artes o que importa e interesa é a obra artística de Luís Seoane. Porén, unha pequena biografía publicada pola Fundación Luís Seoane para ilustrar ó lector e ter sempre moi presente a súa obra intelectual, ampla, coherente, creativa, solidaria, apaixonada e comprometida co seu tempo pode ser lida nesa Fundación.

A vida de Luís Seoane (Bos Aires 1910-A Coruña 1979) desenvólvese nun convulsionado mundo do século XX, comezando pola República, a Guerra Incivil, a fuxida e a instalación en Bos Aires, cidade que os acolleu (a el e a Maruxa) e onde puido promover, organizar, difundir e defender a cultura

² De Cristóforis, Nadia Andrea. (2015) *O exilio galego em Buenos Aires: Luís Seoane entre combate e desilusão (1936-1955)*. Revista Eletrônica da ANPHLAC, ISSN 1679-1061, Nº. 19, p. 43-71, jul./dez., 2015. <http://revista.anphlac.org.br>

galega e a universal, construíndo con esforzo e compromiso unha inmensa obra diversificada en moitos aspectos.

- 1910 Nace en Bos Aires, nun fogar de emigrantes galegos. (1/6/1910).
- 1916 Retorna con seus pais a Galicia, e instálase na Coruña, onde realiza os seus primeiros estudos.
- 1920 Trasládase a Santiago de Compostela, onde estuda bacharelato e licenciase en dereito e Ciencias Sociais no 1932.
- 1927-1933 Milita en partidos de esquerda republicana e autonomista. Ilustra libros e revistas. Realiza as súas primeiras exposicións.
- 1934 Na Coruña, onde exerce como avogado laboralista. Amizade e tertulias con Huici, Cebreiro, Fernández Mazas, Del Valle, Julio J. Casal, Francisco Miguel... ingresa no Partido Galeguista.
- 1936 Participa na campaña do Estatuto de Autonomía. En canto estoupa a guerra, agáchase e no mes de setembro foxe a Bos Aires.
- 1937 Publica seu primeiro libro, *Trece estampas de la traición*.
- 1940 Funda en Bos Aires as coleccións “Hórreo” e “Dorna” na editorial EMECÉ Editores.
- 1943 Funda a revista *Correo Literario* e a “Editorial Nova”.
- 1945 *Homenaje a la Torre de Hércules* é galardoado en Nova York xunto á *Histoire Naturelle de Buffon*, ilustrada por Picasso.
- 1948 Funda a editorial Botella al Mar que máis tarde desenvolverá Arturo Cuadrado. Expón en Bos Aires e Caracas.
- 1949 Viaxa a Europa. Expón en Londres. Coñece a Henry Moore, Herbert Read, Lucien Freud, Pablo Picasso, Óscar Domínguez.
- 1952-1962 Exposicións en Nova York. Funda a revista *Galicia Emigrante* e a editorial “Citania”. Medalla da Exposición Universal de Bruxelas e do Senado da Nación Arxentina (1958). Premio Palanza (1962)
- 1963-1979 Realiza exposicións en España, Alemaña, Italia, Suíza, Brasil... Co-fundador de Sargadelos e do Museo Carlos Maside.

O seu pasamento prodúcese na Coruña no ano 1979. (5/4/1979). O seu mausoleo fica no Cemiterio de Santo Amaro, na Coruña, onde





El Castro, 2 de marzo de 1969.

Sr. D^o José V. Martínez Romero.

Buenos Aires

Querido amigo:

Comprendo perfectamente la situación de ustedes con respecto a la colectividad gallega. Las ambiciones de quienes la dirigen son muy limitadas - se trata de un problema de cultura y muy personales, cada puesto es un motivo de figuración o el medio de cumplir determinadas aspiraciones, no dudo que, en general, honestas. La colectividad gallega ha venido decayendo hasta llegar a lo que es hoy, una masa enorme de gentes inútiles en cuanto a cuestiones vitales, para Galicia y también para Buenos Aires. Posiblemente sus momentos más influyentes de mayor eficacia, más propicios, fueron alrededor de 1880-1912; 1924-1931; 1936-1940. Estas fechas deben revisarse, pero puedo de algún modo justificarlas y tienen que ver con la corriente emigratoria de fin de siglo, con la actividad gallega en los sindicatos argentinos, con la situación política española y con la guerra civil. En su decadencia obran factores dependientes de la política de la Argentina y de España, aparte de la falta de personalidades surgidas de la masa migratoria. Cuando más hicieron los emigrantes por Galicia fue cuando actuaron en clanes, por comarcas, ayuntamientos o parroquias. A partir de la creación de las provinciales y de algunos inócuos organismos políticos que se fundaron después de la guerra civil, comienza su decadencia. Pienso que es necesario volver, para el trabajo, a los clanes, y el trabajo debe tener que ver con la necesidad de liberar a Galicia del analfabetismo -no basta que una persona sepa firmar para ser alfabeto- y de ir creando fuentes de trabajo para que las gentes no emigren. Todo esto se relaciona naturalmente con otros países y con el mundo, ni que decir tiene que con la Argentina puesto que ahí puede desarrollarse una ~~xx~~ posible labor. Tenemos necesidad además de que se sepa que es América en España. Una acción gallego-argentina debe surgir a partir del conocimiento de ambos países. Todo esto resulta, escrito así rápidamente, muy confuso. Si ustedes quieren hablaremos a mi regreso y pienso que unidos en pequeño grupo puede hacerse alguna obra interesante, de acuerdo con nuestro tiempo. Entre las cuestiones que pasan inadvertidas en los últimos años para los dirigentes de la colectividad gallega es que el mundo cambió, cambia diariamente, con mucha rapidez y las ideas de hace treinta o cuarenta años son tan distantes de la actualidad como las del siglo XII en el XVIII. La exposición de porcelanas, tapices y grabados organizada por El Castro en Montevideo, es alrededor del 25 de Julio. Inés Canosa está precisamente estos días en El Castro. Nosotros regresaremos a finales de abril.

Reciban Pilar y usted el saludo muy cordial de Maruja y mío:

Roberto

amigos e admiradores colocamos cravos vermello sempre que pasamos por esa cidade.

Este resumo só pretende ilustrar, brevemente, a súa biografía, nun intre de homenaxe á súa obra artística. Inserimos, máis abaixo, extensa bibliografía sobre a súa vida para o lector interesado.

A IMPORTANTE OBRA MURALÍSTICA DE LUÍS SEOANE

No aspecto estritamente artístico é habitual describir a obra de Luís Seoane comezando pola pintura, achegarse logo ós magníficos gravados, pasar pola recompilación de tantas capas de libros deseñadas polo artista e engadir os seus aportes á cerámica, especialmente logo da creación da Fábrica de Sargadelos. Con ledicia aplaudimos, no ano 1976, o estudo crítico-bibliográfico de Rafael Squirru publicado en Bos Aires con ilustracións en cores e branco e negro.

Os que frecuentabamos a súa compañía e a de Maruxa sabiamos dunha outra faceta importante do noso amigo: a Arte Mural. El mesmo escribe sobre esta actividade e ilustra o libro publicado no 1974 (*Arte mural. La ilustración*) con fotos en branco e negro dos seus murais espallados pola cidade de Bos Aires.

Logo do pasamento de Seoane e posterior regreso definitivo de Maruxa a Galicia, a cidade de Bos Aires ficou orfa da intensa actividade desenvolvida pola parella perante tantos anos de residencia. Parte da obra pictórica podía admirarse en museos e coleccións de institucións. Mais a obra muralística estaba alí, á vista dos viandantes que desexasen deterse e admirar o que vían.



Sen un propósito explícito comecei a levar a amigos e persoeiros da cultura galega que se achegaban á cidade a coñecer esta obra. Unha a unha fun rexistrando no meu maxín as obras que coñecera perante a súa realización nos bocetos que Luís presentaba nas tertulias da súa casa. Engadín outras que aínda eu non coñecera. Dependendo do tempo do viaxeiro podiamos percorrer varias rúas da cidade para atopalas ou desprazarnos nun coche dun sitio a outro para completar a visita como consecuencia dun interese especial ou coñecemento amplo da obra do noso autor.

Eu tiña unha enorme débeda cos Seoane pola xenerosidade coa que sempre nos brindaron amizade e outros moitos agasallos espirituais, tanto a min como a Pilar. Sen sabelo fun artellando unha homenaxe permanente ofrecida en cada un deses percorridos que organizaba. Nun ano de intensa actividade política electoral achegáronse a Bos Aires Xosé Manuel Beiras e Aurichu Pereira. Nesta ocasión preparara unha visita completa e comentada. Por motivos de axenda de intenso traballo Xosé Manuel non puido acompañarnos, mais insistiu en que Aurichu aproveitase deixando por un día o seu papel de “compañeira” nos actos e marchase connosco.

Foi un día excepcional, pois, sen presas, fomos admirando un a un os murais, inclusive os máis alonxados do centro da cidade e conseguín que o Xerente do Teatro General San Martín iluminase, fóra de horario, o monumental mural que alí fixo Seoane: *O circo crioulo*. Ao remataren a xira polos murais, Aurichu suxeríume plasmar e difundir dalgún xeito ese percorrido “para que os que nos achegamos a estas terras non perdamos semellante beleza”.

Naqueles anos a biblioteca da nosa casa era frecuentada por estudosos e xente nova das institucións da Colectividade Galega emigrada para consultar libros editados en América nos anos duros da ditadura franquista ou para parolar sobre este ou aquel persoeiro que nós coñeceramos a través de todos os anos da nosa participación política e cultural no alén-mar. Un rapaz novo, periodista, Pablo Rodríguez Leirado, soubo nunha visita da nosa amizade cos Seoane e interesouse especialmente en coñecer a obra muralística. No ano 2000 conformouse un grupo de traballo para relevar e situar os murais de Luís Seoane, evitar que se destrúan e crear un sitio web homenaxe dedicado á súa obra mural en Bos Aires. Tivemos moitas xuntanzas e Pablo tivo o rol de entrevistar, investigar ou falar con xente vencellada a eses murais. Máis tarde incorporouse ó equipo conformado por nós os tres, Pilar, Pablo e mais eu, o irmán de Pablo, Eduardo Rodríguez Leirado que deu soporte técnico á creación dunha páxina web que tivo moito éxito: <http://www.almargen.com.ar/Seoane> (comprobei nos últimos tempos que non funcionaba moi ben).

Dicía Seoane, no seu libro sobre a arte mural, “Una pared resulta ser para el muralista como la página de un libro para un diagramador gráfico. (...) Si el pintor siempre es una especie de artesano (...), artesano y obrero es el artista muralista”.

Tentaremos achegar ós nosos lectores unha visión, a penas xeral, do que representa para a arte e para Galicia contar cun artista que traballou arreo, con creatividade e enxeño, en variados aspectos. Tentaremos, asemade, describir a obra muralística que conta con máis de 27 realizacións na cidade de Bos

Aires e uns poucos máis que nós non temos ben rexistrados mais que sabemos existen.

Continúa Seoane trasladando o que considera a actividade dun muralista: “Creemos que es más interesante el artista en su actitud frente al mundo que la misma obra que realiza. El pintor que se sube a un andamio no es el mismo hombre que el encerrado en su taller. Completa su vida. Su obra será verdaderamente pública y juzgada por una extensa mayoría. Está en la calle. A bastantes murales dediqué cuanto pude de mi destreza de pintor utilizando distintos recursos técnicos y variando constantemente de procedimientos.” Sempre orientou Seoane a súa obra cara ó gran público, cara á xente do común, certo de aportar o seu labor á universalidade da arte. Certamente era un home diferente e feliz montado nun andamio.

Deixemos que el mesmo continúe describindo a súa obra: “Usé juntamente con materiales nuevos, los naturales y arcaicos como la piedra, los mármoles, el hierro o el bronce. Técnicas artesanas muy antiguas como la cerámica, el vitral o el mosaico, cuando no simplemente la pintura con resinas sintéticas producidas por la química industrial. En cuanto a los procedimientos del pasado resultan siempre nuevos y conservan el misterio que proviene de su lejana historia. Usé las resinas sintéticas en el gran mural del Teatro San Martín, de 33 x 11 metros; el mosaico para el mural que representa a Ruth y su incorporación al pueblo judío en una pared medianera del Banco Israelita del Río de la Plata; la taracea de mármoles para una gran pared de la galería comercial Larreta; hierros y bronces para una sucursal del Banco Español del Río de la Plata y para otras galerías comerciales en el centro de Buenos Aires, uno de ellos en *Homenaje a Guaman Poma de Ayala*, el primer dibujante de la colonia; cerámica para diversos edificios particulares en colaboración en este caso con el gran ceramista madrileño Fernando Arranz, fallecido hace pocos años y, para el Centro Lucense de Buenos Aires, para el que, además, realicé un gran cuadro al óleo, con el tema campesino de la trilla, de siete metros de largo por más de dos metros de alto. Hice relieves en cemento también para edificios particulares y usé moldes de madera para bajo-relieves en alguna otra galería comercial y diversas sucursales del Banco Español del Río de la Plata. Hice, también, cartones para tapices. Uno de los procedimientos que más me satisfacen es el vitral, el que mejor se aviene, a nuestro criterio, como intermediario entre los espacios interior y exterior del edificio. Hice alguno de gran tamaño como el que está en el edificio de Petracca e Hijos S.A. y que tiene 7,60 mts. De largo por 2,40 de alto, aproximadamente, y otro que sustituye una pared de la oficina de su Director, así, también en algunos edificios

particulares, en el vestíbulo del Teatro de la Sociedad Hebraica Argentina, y hasta una puerta de entrada de un edificio privado, con vidrios de gran espesor, y usando, en casi todos, para unir los distintos vidrios, en lugar del plomo habitual, la moderna soldadura plástica”³.

O anterior é un resumo do seu xeito de traballo e da súa obra muralística que desenvolveremos máis adiante, pormenorizadamente, pois merece o autor que todo viaxeiro que chegue á cidade de Bos Aires conte cun roteiro ben sinalado para deleite do seu espírito.

Este roteiro conta, polo de agora, con 24 referencias que sinalamos a seguir⁴:

1. Montevideo 1985 (mural perdido)
Vivenda de Luís e Maruxa Seoane. Mural destruído. Ano de realización: sen datos. Algunhas referencias din que puido ser vendido polos co-propietarios.
2. Montevideo 1920
Edificio particular. *As carretas*, 1958.
3. Avenida Santa Fe 1654 ou pola outra entrada na rúa M. T. de Alvear.
Galería Santa Fe. *Os músicos*, 1954.
4. Callao 1421
Edificio particular. *Músicos e labradores*, 1956.
5. French 2278
Edificio particular. *Xinetes*, 1959.
6. Avenida Santa Fe, esquina Uriburu
Ex Banco Español del Río de la Plata. Actualmente ocupado polo Banco Río. Descoñécese o destino do mural.
Cabaleiros medievais, sen data.
7. Azcuénaga 1074.
Edificio particular. *Os cazadores*, década de 1950.
8. B. Mitre 2538.
Centro Galicia de Buenos Aires (en depósito). *Campesiños mallando*, 1956.
9. Sarmiento 2233.
Teatro da Sociedad Hebraica Argentina. Vidreira de cores, sen data.


³ Seoane, Luis (1974) *Arte Mural*. La ilustración. Editorial Sudamericana, Buenos Aires, (texto en páxinas sen numerar).

⁴ Este roteiro é tentativo. Algúns murais sitúanse perto uns dos outros. Convén comenzar por estes. (1 a 5; 9; 13/18)

10. Avenida Corrientes 2510 (mural perdido)
Antigo Banco Israelita del Río de la Plata. Agora hai unha galería comercial. *O libro de Ruth*, 1953. Foi retirado e as súas pezas numeradas para ser vendido.
11. Avenida Corrientes 2166. *Personaxes medievais*.
Edificio particular. Debaixo da sinatura semella indicar o ano 1972.
12. Avenida Corrientes 2135.
Edificio particular. Cuberto por un panel de formica. Sen data.
13. Avenida Corrientes 1530.
Teatro Municipal General San Martín. *O nacemento do teatro arxentino*, 1957.
14. Cerrito 264-276.
Galería comercial La República. *Figuras estáticas*, sen data.
15. Esmeralda 561.
Galería del Centro. *Homenaxe a Guamán Poma de Ayala*, sen data.
16. San Martín 948-954.
Outra entrada por Florida 971. Galería del Sol (ex Galería Larreta).
Sen data.
17. Esmeralda 1075.
Edificio particular. *As pescadoras*, 1959. Hai tamén unha vidreira.
18. Libertad 948
Galería de las Victorias. *Mater Gallaeciae*, 1958.
19. Cuba 2141.
Edificio-casa particular. *Figuras agardando*, 1956
Pódese visitar con permiso dos donos da casa.
20. Juramento 2120.
Edificio particular. Triloxía: *O carro da lúa, Escenas de tauromaquia, Figuras*, 1958.
21. Olazábal 3340.
Mural no xardín dunha casa particular, 1954.
22. Olazábal 3340.
Mural no interior da casa do mural 21, 1954.
23. O'Higgins 1695.
Edificio particular. Catro murais. Sen data.
24. Arenales 3605 e 3617.
Edificio particular. 1957.

O primeiro mural de Seoane, *El libro de Ruth* (*O libro de Ruth*-1953) foi feito nun vello edificio da Avenida Corrientes 2510 pertencente ó Banco Israelita do Río de la Plata. Neste mural emprega lousa e gres, os mesmos materiais do seu traballo *Figuras sentadas*, no Castro de Sada (A Coruña). O edificio foi derrubado e non se conservan datos deste mural. Segundo Maruxa Seoane este mural foi feito en mosaico veneciano, instalado nun patio que se vía dende a rúa a través dos ventanais. Non foi o propósito do autor facer unha obra con referencias bíblicas, senón amosar a mulleres dende unha perspectiva plástica. Máis tarde o edificio vendeuse e un particular mercou, segundo ela, o mural para instalalo na cidade de Mar del Plata, obra que non chegou a realizarse.

Seoane sabía moi ben o que simbolizaba a historia de Ruth para toda a humanidade e que serviría, hoxendía, para amosar como se deben tratar os estranxeiros que se achegan a nós. Ruth non tivo unha vida moi agradable, pois, de orixe estranxeiro, incorporouse ó pobo israelí como viúva dun xudeu e deu, no seu tempo, leccións de como tratar ben ós temporeiros que se achegaban á colleita da cebada no campo de Boaz. Un dos seus descendentes foi o Rei David. Guillermo Taboada, amigo de Seoane, dicía que o mural permitía ter presente a dobre vertente de orixe e destino, afastándose do sagrado, a penas pretexto pictórico, para amosar a ética e os nosos valores a través da arte.



O segundo mural que Seoane realiza é *Os músicos*, na Galería Santa Fe (comercial), no 1954. Un traballo feito “ó temple” na bóveda de canón da galería, nunha zona máis estreita que as centrais e saíndo cara a rúa Marcelo T. de Alvear. O “temple” é unha técnica para pintar na que se empregan cores disolvidos en auga, mesturados con certos tipos de pegamentos e auga quente. Camiñando por esa zona da Galería o visitante mira ó teito e atópase coas típicas figuras de Seoane,

alternadas harmoniosamente, sobre un fondo liso de cor.

Sempre tiven presente as dificultades que o mantemento de todos os murais conlevan. O custo é elevado. Os murais múltiples. Porén, logo do meu retorno a Galicia no 2002 tiven coñecemento que a Lexislatura de Bos Aires programou e realizou as obras de restauración desta Galería, incluíndo o mural de Seoane e incorporando o conxunto como “Patrimonio Cultural de la Ciudad


de Buenos Aires”. Cómpre que Galicia faga unha actuación semellante. A restauración foi feita por Isabel Contreras. Oxalá continúe esta tarefa coas outras obras do noso autor. Nesta Galería tamén podemos admirar obras doutros muralistas importantes: Leopoldo Presas, Leopoldo Torres Agüero, Gertrudis Chale, Noemí Gerstein, Juan Batlle Planas y Raúl Soldi (nave central).

No ano 1956 Seoane remata o mural, tecnicamente un gran cadro ó óleo, que instala no fondo dun gran salón na sede do Centro Lucence de Bos Aires, na rúa Belgrano 1841, tradicional centro de cultura e xuntanzas da Colectividade Galega emigrada. Alí, na súa magnífica biblioteca, faciamos as xuntanzas da Asociación Arxentina de Fillos de Galegos que integramos Pilar e mais eu, xunto a Pepe Neira Vilas, Ricardo Palmás, Inés Canosa, Perfecto López Romero, Elsa Fernández e moitos outros.

Este é un mural de 7 x 2 m co tema de segadores e campesiños na malla, amosando unha quietude e monumentalidade dos personaxes, cun debuxo de colorido intenso e vivo: laranxas, castaños, ocre, amarelos cun verde de fondo. O salón rematou como restaurante e o mural sufriu as consecuencias desa actividade. Como parte dun programa da Xunta de Galicia para xuntar varios edificios de centros de emigrantes xorde a construción da sede do Centro Galicia de Bos Aires, instalado na rúa B. Mitre 2538. Alí trasladan o mural cando se vende o edificio do Centro Lucense.

“Para el Centro Lucense de Buenos Aires, además, realicé un grande cuadro al óleo, con tema campesino de la malla, de siete metros de largo por más de dos metros de alto.” Luís Seoane en *Arte mural. La ilustración*.

Non sempre temos referencias certas ou datos das obras de Luís Seoane. Persoalmente non puideron saber o ano de realización dun gran mural na rúa San Martín 948 da cidade de Bos Aires. Hoxendía aparece moita información en Internet. Porén aínda non puideron coñecer eses datos. Esta obra, nun patio interno dunha galería construída polos arquitectos Aslan e Ezcurra, habituais contratantes do muralista, é unha taracea de mármore negro e gris sobre o travertino dunha grande parede desa galería. O noso compañeiro de investigación naqueles anos, Pablo Rodríguez Leirado, non



puido conseguir datos nin entrevistando ó Administrador da Galería quen non coñecía nin a Seoane ni a importancia da obra nese local.

Noutras veces, a información sobre algún mural non se atopa doadamente ou non existe. Sobre o mural *Figuras Femininas* (cemento policromado) rematado en 1972, segundo pode lerse seguindo a súa sinatura hai escasa información. O mesmo Seoane non inclúe datos nin fotos no seu libro *Arte mural. La ilustración*. Este libro ten data de publicación 1974 e, probablemente, a súa preparación coincidiu co remate da obra. Seoane indica, no libro citado, que “Hice relieves en cemento también para edificios particulares y usé moldes de madera para bajo-relieves en alguna otra galería comercial...”. Coido que se refire a este mural. Nunha das habituais tertulias na súa casa presentounos os deseños desta obra. Lembro que relatou a dificultade que ten traballar con cemento fresco e pintar, inmediatamente, sobre el. Tiña un equipo de obreiros da construción que preparaba o cemento, enchía os moldes e colocaba os paneis, un a un, segundo as súas indicacións. A obra consta de 32 paneis en catro ringleiras, sobre unha enorme parede lateral dunha entrada a un aparcadoiro subterráneo da Galería. As figuras están pintadas en ocre, branco, amarelo e azul e representan figuras femininas dezaíotesas. As lembranzas daquela tertulia son moi agradables e risoñas. Contaba Seoane, entre risas dos tertulianos, que a obra non era doada, que lle levaba moito tempo e que non podía contar cos prazos para o remate da obra pois... o equipo dos obreiros nunca aparecía os luns, e ás veces os martes, porque non quedaban ben parados logo das fins de semana de esmorga! A min sempre me pareceu unha obra monumental e fermosa. Hoxendía non está ben coidada, pois a Galería quebrou e pechou.

Cando calquera de nós asiste a unha representación teatral, operística ou musical nos teatros das grandes cidades sempre ten ocasión de admirar murais que prestixiosos artistas deixaron alí para o público (Cúpula do Teatro Colón de Bos Aires polo artista Raúl Soldi, frescos de Chagall no Teatro Opera Garnier en París ou no Royal Opera House na cidade de Londres).

Mais a miña recomendación é asistir ou visitar o monumental Teatro General San Martin da cidade de Bos Aires, unha obra dos arquitectos Álvarez e Ruíz, rematada o 25 de maio de 1960 e situado na Avenida Corrientes 1530. Foi construído en tres volumes nos que atopamos unha sala cinematográfica, sala Leopoldo Lugones, dúas salas teatrais, Sala Martin Coronado (tradicional italiana) e Sala Casacuberta (sala semicircular), xunto a moitas dependencias culturais e artísticas. A sorpresa será atopar un enorme mural de 35 x 11 m feito por Luís Seoane: O nacemento do teatro arxentino, obra en resina sintética comezado en 1957 namentres se remataba o edificio.

Este importante mural foi resolto con grandes planos de cores, sobre os que destacan algúns en negro, con figuras alusivas ás orixes do teatro arxentino. Seoane recreou escenas do Circo de Juan Moreira, obra teatral que neses anos tivo moita importancia na cidade de Bos Aires. Se considerades a enorme extensión do mesmo, asombra que as figuras ocupen dende o teito do enorme *hall* do Teatro até o chan do terceiro soto, adaptándose á arquitectura do sitio.

Por moitos motivos podedes visitar a cidade de Bos Aires, pois atoparedes unha metrópole chea de historia, grandes parques deseñados polo paisaxista francés Thais, edificios con todos os estilos dende o s. XIX ao XXI, intensa actividade cultural e un regalo adicional que merece todo visitante, especialmente os galegos: os murais de Luís Seoane. Animádevos.

SEOANE ESCULTOR?

Coñecemos a obra escultórica *Homenaxe ós emigrantes* emprazada no Concello de Oleiros (A Coruña) mirando cara o mar. Atribúese o monumento a Luís Seoane. A xente ten razón, mais relativamente. O monumento, inaugurado o Día das Letras Galegas de 1994, dedicado a Luís Seoane, foi realizado polo escultor Francisco Escudero sobre unha maqueta feita en escaiola por Luís.

Segundo contaba Isaac Díaz Pardo nos días da inauguración⁵, foi unha proposta que lle fixera o alcalde da Coruña, Pérez Ardá, a Luís Seoane no ano 1973. O propósito era poñer o monumento á beira do Orzán, mais o alcalde cesou nas súas funcións e a obra ficou sen facerse. Relata Isaac que no 1976 Luís lle pide un tocho de escaiola para tallar unha interpretación do que sería o monumento ó emigrante se nalgún intre fose posible a obra. Pensouse, incluso, en poñer o monumento en Sargadelos, onde repousou definitivamente a escaiola.

No momento de anunciarse, no ano 1993 a realización do Ano Seoane do Día das Letras, o alcalde de Oleiros Ángel García Seoane propuxo realizar unha praza na súa cidade, perto do mar, que levaría como nome distintivo o de Luís Seoane. Aceptada a proposta por Maruxa Seoane, encargouse a obra o escultor Escudero. O día seguinte á inauguración *La Voz de Galicia* dedicou un suplemento moi interesante con varios artigos, algúns deles titulados “O Día das Letras recuperou para sempre a Luís Seoane”, “La universalidad de Luís Seoane presidió el Día das Letras Galegas”, “García-Sabell destaca en la

⁵ A figura de Luís Seoane no Concello de Oleiros, introducción de Isaac Díaz Pardo, Concello de Oleiros, 1994.



Monumento ao emigrante en Santa Cruz-Oleiros (fotos de Estevo Rodríguez)



obra de Seoane a afectividade sobre la intelectualidad”. “Multitudinaria inauguración en Oleiros da escultura de Seoane”, “García Sabell: “Luís Seoane era emotivo y radicalmente existencial” e “*Os emigrantes* de Seoane xa ollan cara ó mar”, entre outros.

Inauguración do *Monumento ó Emigrante* (Agustín Sixto Seco, Francisco Pereira, Maruxa Seoane, Pilar Jeremías, Xesús Alonso Montero. Foto de José Martínez-Romero Gandos).

O acto da inauguración do *Monumento ó Emigrante* foi un acontecemento moi importante e unha presenza de toda a intelectualidade galega da época.

Os actos organizados polo Día das Letras dedicado a Luís Seoane foron moitos. Asistimos viaxando dende Bos Aires, como convidados especiais segundo suxestión de Maruxa Seoane, Ricardo Palmás Casal, Guillermo Whitelow, Pilar Jeremías e José Martínez-Romero Gandos. No acto de Inauguración do monumento podo lembrar que asistiron o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, o alcalde de Soutomaior Francisco Pereira, Agustín Sixto Seco, Xesús Alonso Montero, Francisco Fernández del Riego, Pepe Neira Vilas, Anisia Miranda, Cesáreo Sanchez Iglesias, Isaac Díaz Pardo, Carmen Arias de Castro (Mimina), Académicos da Real Academia Galega (transportados por un bus cedido por Ramón Castromil e estreado na ocasión co nome de Luís Seoane) e familiares do homenaxeado.

Foi un día frío, con vento e auga dabondo, común en moitas primaveras galegas. Non asustou o tempo á numerosa concorrencia de autoridades, convidados e veciños. O monumento estaba cuberto, agardando que Maruxa o descubriera, cun pano branco que levaba unha franxa celeste, simulando unha grande bandeira galega. A única “bandeira” visible, pois se agardaba a presenza de Autoridades da Xunta de Galicia que, segundo dicían algunhas persoas presentes, non chegaron nunca “por mor da chuvia...” “de intelectuais galeguistas”.

Segundo manifestara o xove escultor Francisco Escudero⁶, autor da obra, a maqueta permitiu materializar o monumento, que ten dous significados especiais: por unha banda, ofrecer unha homenaxe ós fillos e fillas desta Terra que se viron obrigados a saír da súa Patria, á que engrandeceron co seu sufrimento e dignidade; e por outra banda, trátase do único monumento que Galicia ten creado por Luís Seoane. Comentaba que fora moi difícil para el pasar a obra de escaiola á pedra, pois xunguíanse nela a frescura dun esbozo e a mensaxe. Non desexaba desvirtuar este engado ó pasar a obra de escaiola á pedra coa axuda e suxestións de Isaac Díaz Pardo, que lle contaba a intención de Luís de facer un monumento acabado tosco. “O máis tosco posible, Escudero –diciálle– que se vexa a forza da pedra”.

E si que ten forza! Unha forza que admiramos emigrantes, galegos da Terra e visitantes foráneos na pedra granítica de Guitiriz coa que foi feita para aturar por centos de anos a corrosión que o mar moi preto dela tenta traspasar a todo o que se lle enfronta.

⁶ Op. cit.

UNHA FACETA ARTÍSTICA ESPECIAL: AS CAPAS DE LIBROS

Todos temos libros na casa. Moitos deles agasallo dalgún amigo ou mercado nunha librería de aquí ou acolá. Certamente fomos atraídos polo autor ou polos temas contidos neles. Mais hai unha compoñente máis que chama a atención dos lectores: as capas dos libros.

Esta é un aspecto menos coñecido da obra artística de Luís Seoane: o deseño de capas de libros. O labor editorial e de deseño de capas é tan importante na obra de Seoane que lamentamos non poder reflectir toda esa obra neste traballo. Para ledicia de quen lle interese o mesmo Luís publicou dous libros sobre as súas capas e a Deputación da Coruña un importante traballo colectivo dedicado ó autor que titularon *Luís Seoane e o libro galego na Arxentina*. No *Segundo libro de tapas* o mesmo Seoane describe a súa traxectoria de deseño desde aquela imprenta compostelá “Nós” até os últimos traballos editoriais por el levados adiante.

Referíndose ás moitas librerías que enchen a rúa Corrientes de Bos Aires, di no libro citado: “(...) mientras en las principales librerías del centro de la ciudad, las vidrieras se adornan cada vez más, con notables libros de arte y de fotografías que son, al decir de François Gali, los libros de hora de nuestra época. Entre ellos, nuestras tapas, quizá luzcan como caléndulas y alelíos entre las cajas de plástico de las orquídeas”. Poética descrición dunha presenza moito máis que importante entre as editoriais por el creadas e desenvolvidas.


Moitos dos que vivimos no alén-mar, especialmente en Bos Aires, coñecemos esa presenza nas librerías, pois era un roteiro obrigado para mercar non soamente obras vencelladas á cultura galega, senón todo tipo de publicacións a un custe moi accesible. Os meus amigos coñecen que, con morriña, lembro esas pescudas habituais e a cantidade de libros en galego ou referidos á cultura galega que mercamos e que trouxemos connosco no retorno. Entre eles, cantidade ilustrados por Seoane. Son coma unha testemuña das nosas propias vidas: eles naceron no alén-mar mecidos polas mans dun artista excepcional que retornou á Galiza para morrer nela. Nós retornamos tamén á Terra, xunto con eles, para dar testemuña a quen o desexe desta importante actividade artística non sempre lembrada por todos. E agardamos, por elección, o noso destino final nesta Terra.

Unha ollada os andeis da miña biblioteca non permite unha atractiva descrición da obra editorial desenvolvida por Seoane. Boto man da bibliografía e a longa lista permite sinalar que Luís Seoane foi creador, en solitario, ou colaborando con compañeiros de andaina no seu desenvolvemento, das seguintes editoriais Emecé editores, Editorial Nova (xunto a Arturo Cua-



Campeſinos mallando (Fundación Luis Seoane).





Mural San Martín (Real Academia de Bellas Artes).



Mural San Martín (Fundación Luis Seoane).



Academia Galega de Belas Artes).



Seoane pintando "Os Músicos". Xosé Díaz.



drado), Ediciones Botella al Mar, Editorial Citania, Editorial Alborada (Federación de Sociedades Galegas da R.A.), Ediciones Galicia (Centro Galego de Bos Aires), Edicións Cuco-Rei, Ediciones Hombre al Agua e publicacións periódicas coma Correo Literario, Revista Galicia do Centro Galego e un último intento editorial, resposta a unha ofensiva nota contra Seoane, a folla volandeira “Cuco-Rei”.


A súa andaina editorial comeza en xullo de 1937 coa publicación de *Trece estampas de la Traición*, na que Seoane transmite, a partir dos seus debuxos toda a traxedia, horror e vileza da guerra que remata cun goberno franquista que durará corenta anos. Traballará arreo Seoane como editor, tipógrafo, ilustrador y diseñador gráfico até o seu retorno definitivo a Galicia.

A través da extensa bibliografía de e sobre Seoane podemos ter unha idea da influencia que a súa obra deixou no mundo editorial, tanto desde unha perspectiva técnica, como asemade desde a estética e os temas tratados.

Coñecemos a importante colaboración que Seoane tivo coas institucións da Colectividade Galega emigrada ó Río da Prata. Non é tan coñecida a xenerosidade coa que trataba os pedidos de particulares amigos ou entidades incluso fóra da Colectividade. No mes de abril de 1964 sae do prelo un libriño de poemas, *Lonxanía*, homenaxe á súa autora Elsa Fernandez que morrera moi nova pouco tempo antes. Os gravados interiores e a capa son obra de Luís Seoane. O retrato do interior, obra de Laxeiro. Este foi un pedido que lle fixeramos os integrantes da Asociación Arxentina de Fillos de Galegos onde Elsa traballara arreo polo seu desenvolvemento. Analizando hoxe esa capa observo a delicadeza das cores representando en negro a dor dos integrantes da Colectividade e o verde da esperanza nunha época de continuidade no espallamento da cultura galega.

Sabemos por Xosé Neira Vilas sobre a desinteresada colaboración coa editorial que fundaran el e Anisia Miranda, “Follas Novas”. Seoane ilustrou *Desde lonxe* de Pepe e *Esta es Cuba, hermano* de Anisia Miranda.

Polas interesantes e privadas tertulias que Luís e Maruxa tiñan na súa casa de Bos Aires pasaron personaxes do exilio e da militancia comprometida





da época como Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado ou Rafael Alberti. Lembro a presenza de Ramón de Valenzuela (1914-1980) e da súa dona Mariví Villaverde (1922-2017). Seoane fixera a capa dun libro de Mariví que esta asinara como María Victoria Valenzuela *Tres tiempos y la esperanza*. Conservo un exemplar que nos entregara a autora no 1962 nunha desas tertulias ás que asistíamos con ledicia. Xa que logo, unha referencia importante

sobre estes dous grandes escritores e políticos é a investigación sobre a súa obra no exilio que no ano 2011 publicara Carmen Mejía Ruiz.

Non podemos ser obxectivos na avaliación da obra de Seoane, pois a nosa testemuña vai xunto a lembranzas de moitos anos de traballo seu na defensa e desenvolvemento da cultura galega. Sabemos que hai opinión xeneralizada encol dos novidosos aportes que revolucionaron a técnica, a diagramación, o deseño e a edición de libros en América. Deixemos falar, entón, a Xosé Luís Axeitos e Xavier Seoane cando din, no libro editado pola Deputación de A Coruña *Luís Seoane e o libro galego na Arxentina*: “O libro probablemente sexa o obxecto cultural e artístico no que Seoane se volcou máis apaixonadamente, obsesivamente; só así se pode comprender que fora capaz de dotar ós libros dunha inequívoca personalidade. Están traspasados polo cromatismo da súa especial retina, pola conciencia da emigración incesante, pola ausencia do mar, polos anxeios de regreso, por Santiago, pola rebeldía perdedora dunha guerra...”

Este comentario pode aplicarse a toda a obra de Luís Seoane.



Habitaban en la Estuña y nosaben que los riefos de su infancia deían a los niños que de de la premiñsula de la Torre, en la única ciudad se podían ver en los días claros la costa de Irlanda. Quizás nunca lo supieron. Yo sé eso. Lo recuerdo. También sé que cerrando los ojos veo cuando quier una aldea, Arca, y a la única aldea, rodeada de montañas de minas, de bosques y labradíos, y al pie de ellos, un río transparente de trucha, que se ven correr amedrantada por los someros. Un río transparente sobre el que nadan los libe-

Do libro Manuscritos.

A OBRA CARTELÍSTICA: Arte nas rúas, exposicións ou nos comercios

Bos Aires é unha megalópole, chea de grandes parques de deseño afrancesado, culta e definida coma un espazo multicultural resultado das diferentes migracións que se achegaron á ribeira do gran Río da Plata. Mais na primeira metade do século XX aínda mantiña tonos grises na edificación, no vestiario da poboación e nos comercios.

Os artistas que moraban na cidade expresaban a “necesidade de cor” que ela tiña como dereito. Neses anos 50 aínda non se producira a explosión de cores que os Beatles acompañan no film de debuxos animados *O submarino amarelo*. Moitos sinalan este film como o comezo dun grande troco de consideración das cores no imaxinario común das xentes. Mais eu coido que, moitos anos antes, Seoane puxo nas rúas e nos bares da cidade as magníficas cores e deseños dos seus carteis.

Os que habitabamos na cidade de Bos Aires nesos anos non tiñamos plena conciencia deste fenómeno de innovación. Viamos eses carteis a cotío e

agora lamentamos non ter collido algún descartado polos comercios, pois son obxecto de coleccionistas e non se atopan doadamente. Pois en 1952 Seoane deseña dous carteis para unha distribuidora de bebidas: Cinzano e Otard Dupuy. Excepcionais as cores e o deseño. Síntese expresiva. Simplicidade e arte. Creación.

Na súa traxectoria artística Seoane deseñou 30 carteis. Non poucos considerando a intensa actividade noutros eidos desenvolvida polo artista na súa vida. A participación dos artistas na vida cotiá das cidades é un movemento que xorde nas grandes cidades neses anos 50. Picasso en París deseña carteis para exposicións, museos e “toros”. Tamén realiza o cartel do Congr s Mondial des Partisans de la Paix, en abril do 1949, en París, cunha das tantas pombas que ilustrarán os sucesivos aportes deste artista malague o.

Seoane ti a informaci n permanente da arte e da s a aplicaci n   publicidade que se desenvolv a en Europa. Unha enorme e especializada biblioteca de libros de arte de todo o mundo foi creada por Lu s ao longo da s a vida. O noso autor fixo doaz n destes libros   Real Academia Galega. Logo do seu pasamento e a creaci n da Fundaci n Lu s Seoane a Real Academia cedeu en pr stamo esta importante colecci n   Fundaci n. Ti a que estar a disposici n dos interesados, mais coido que, aínda hoxe, isto non   posible. Cousas...

Hai que lembrar que todo isto ten un precedente no cartel de 1936 defendendo a Autonom a de Galiza e que leva como texto “O estatuto libertar  a nosa terra”. Non era un cartel publicitario, sen n un cartel pol tico no contexto da belixerancia da  poca. A liberaci n dos tent culos dun polbo   unha met fora intensa e sinxela, cunha tipograf a que suli a os vencellos coa Terra.

Outra ocasi n est  na que non podemos reflectir toda a obra cartel stica de Lu s Seoane por raz ns obvias. S  hai que dicir que non podemos limitarnos a eses 30 carteis feitos por el. Coma xa dixeramos, a obra de Seoane est  espallada por numerosos museos e galer as de Europa e Am rica. Deste xeito hai carteis feitos para as s as exposici ns en M nich, Bonn, Bos Aires, Nova York, Madrid ou A Coru a. C mpre repetir a exposici n de carteis que fixera a Fundaci n Lu s Seoane e, coma xa dixeramos, cumprir co mandato da Fundadora Maruxa Seoane e espallar a exposici n polo Estado e si fose posible polo extranxeiro. Esta e outras exposici ns. Material hai dabondo arquivado. Soamente cumprir cos anxeos da poboaci n e difundir.

A OBRA PICT RICA

Escribir sobre a obra pict rica de Lu s Seoane   unha empresa herc lea ou polo menos non axustable a este escrito de homenaxe.

Unha e outra vez apelamos a unha publicación da Deputación da Coruña para suxerir ós nosos lectores unha visión máis ampla e ilustrada. Referímonos á publicación de Concepción Otero Vázquez *Luis Seoane* (1991). Qué máis podemos dicir nós sobre este tema ou sobre a súa obra? Apelamos a unha dedicatoria que Maruxa Seoane nos fixera no libro citado: “A mis amigos Pilar y José Martínez Romero dedico este libro sobre Luís Seoane, con sus colores, su optimismo, su gran humanidad; con la misma intención, con el mismo cariño, con la misma amistad con que él lo hubiese dedicado si se encontrase físicamente entre nosotros, pues en espíritu está siempre presente. Con toda mi amistad. Maruja Fernández, vda. de Seoane. La Coruña, junio de 1993”.

Certamente está entre nós. Tamén moitísima obra, documentación e até o seu escritorio de traballo na Fundación Luís Seoane da Coruña. Grazas á decisión e o traballo minucioso e xeneroso de Maruxa quen fixera doazón de todo o que tiña na casa e moito máis. Moita máis obra que foi mercando, pouco a pouco, ás agachadas, para xuntar todo e deixalo na Fundación que ela creara. Merece Maruxa unha homenaxe permanente xunto ó seu home. Pois sempre estivo activa traballando a carón de Seoane mentres este vivía e logo adicando os seus posteriores anos de vida a fundamentar nunha institución o legado de ambos os dous.

Dicia Salvador Fernández Moreda na presentación do libro de Otero Vázquez: “Luis Seoane supo plasmar la realidad de Galicia de forma trascendente, codificando en imágenes una compleja visión de la Galicia de nuestro tiempo, convirtiendo su obra en un instrumento de comunicación universal. Sus trabajos, sus reflexiones documentadas y penetrantes, superan el círculo de iniciados e impregnan la realidad de Galicia en la época contemporánea”.

Seoane xa ten un sitio de honra na Historia da Arte. Atopamos obra pictórica e gravados en museos e institucións de América e Europa na que é considerado un dos grandes innovadores da arte contemporánea. Precursor e artista de excepción para a mirada crítica internacional e non tan ben coñecido e admirado, na súa medida, polo seu pobo de referencia cultural permanente: Galicia.

Unha e outra vez os expertos loan o compromiso do artista coas circunstancias xeográficas e culturais de Galicia, suliñando os seus aspectos de rebeldía diante os valores convencionais, a súa obra pluridisciplinaria, o seu humanismo, sensibilidade, curiosidade, a súa linguaxe artística anovadora, a súa vitalidade e creatividade e a súa atenta conciencia cara a mellorar as condicións da sociedade galega, en particular, e universalmente. Un dos expertos que fala de todo isto e moito máis é o Catedrático de Historia da Arte da USC, Dn. Manuel Núñez Rodríguez. (op. cit.)

Non é unha teima de quen isto escribe. A Fundación Luís Seoane ten a obriga de espallar polo Estado e polo mundo. Ese foi o propósito do legado que Maruxa Seoane fixo para a cidade da Coruña canto doar a obra de Luís, que tanto amaba a esta Terra. Exposición permanente da obra, exposicións itinerantes, difusión da obra en institutos e colexios, conferencias, seminarios, vídeos ou participación nos medios de comunicación é imprescindible.

As exposicións son un medio importante de difusión. A primeira exposición individual de Luís Seoane foi en 1929 en Santiago de Compostela. Logo dos primeiros anos do exilio, onde o autor tivo que dedicarse a sobrevivir, a primeira exposición realízase en 1945 na Galería Amauta de Bos Aires. Logo destas, conto 49 esposicións individuais polo mundo adiante: Bos Aires, Londres, Caracas, Lima, Nova York, Múnic, Colonia, Bonn, Münster, La Habana, Vigo, Madrid, A Coruña, Santiago de Compostela até 1979, ano do seu pasamento. No 1989 unha mostra antolóxica, no décimo aniversario do seu pasamento, no Pazo Municipal de María Pita, na Sala do Kiosko Alfonso e tamén en Durán Loriga. A todo isto cabe engadir Exposicións Colectivas en Tel Aviv, Venecia, México, Cincinnati (E.U.), Bruxelas, Nova York, Dallas, São Paulo, Washington, Bos Aires, Rio de Janeiro, Edimburgo, Tokio, Berna, Londres, Xenebra e Nürenberg, Ljubljana, París, Chile, Polonia, Italia, Tokio, a última en Bos Aires en 1975 e unha Antolóxica de Arte Galega no Círculo de las Artes de Lugo. Poucos artistas teñen unha traxectoria semellante.

Diciamos, máis arriba, que a certificación de “Artista Internacional” xorde da enorme cantidade de obra existente en Museos e Bibliotecas. Citaremos, entre outras, a Biblioteca do Congreso dos EE.UU. en Washington, o Museo Nacional de Belas Artes de Bos Aires, o Museo de Belas Artes da Coruña, o Museo de Arte Moderno de Nova York, e Museos Nacionais de Venezuela, Israel, Uruguay, Chile e Israel. Tamén no Metropolitan Museum (Nova York).


Respecto a esta última cidade, Nova York, podo contar unha anécdota que Luís nos relatou nunha das tertulias da súa casa, xa citadas. Tiñan interese Maruxa e mais el en viaxar a Nova York e visitar os Museos desa cidade. Foi Luís ó Consulado americano pedir a visa correspondente. O día do trámite déronlle o pasaporte visado de Maruxa e pedíronlle que el regresase o día seguinte. Fixo tal e dixéronlle que tiña que agardar varias horas. Foi a un cine da cidade de Bos Aires que pasaba noticiarios e películas de animación pasar ese tempo. Regresou ó Consulado e nada. Ofuscado, pediu falar co responsable. Fixérono pasar a un grande despacho. Dous americanos sentados diante dun escritorio. Comezaron un interrogatorio minucioso sobre as súas actividades artísticas. Nun intre preguntaron pola súa asistencia a unha recepción nunha embaixada

dun país de tras a cortiña de ferro (lembrade a guerra fría e a “caza de bruxas” en EE.UU contra comunistas). Díxolles que ese dato non era certo para asombro dos funcionarios que afirmaron as “certezas” do seu dossier. Seoane replicou: “Sé que eso no es verdad, que no estuve en esa recepción porque no asisto a ninguna recepción, ni diplomática ni oficial”. O interrogatorio continuou. Nun intre, canso Seoane das preguntas, dixo: “Miren, señores. Yo luché junto a ustedes contra los nazis”. Asombro dos examinadores. Percura inútil no dossier. Repregunta. “¿Ustedes no pelearon contra los nazis? Yo también. Contra el gobierno nazi o fascista que gobierna mi país desde hace muchos años. Yo quiero ir a Nueva York solamente a ver arte en los Museos”. Déronlle inmediatamente a visa.

E nós, como podemos admirar a obra pictórica de Luís Seoane? A miña recomendación é concorrer a museos, institucións ou exposicións onde poda exhibirse obra deste autor. Ou ler nas bibliotecas na abondosa bibliografía, especialmente aquela que inclúe reproducións a cores.

Hai que ter presente que Seoane era un singular colorista. Especialmente coas cores azuis, vermello ou verde e os seus matices. É unha cor expresiva, que penetra no espírito do observador e que dirixe o sentimento cara a mensaxe que sempre vai implícita na súa obra. Coma en todos os pintores a paleta de Luís pertence á súa creatividade, nos últimos tempos, lonxe daqueles cadros da primeira época na que predominaban as cores terrosas e grises, reflectindo certa morriña da súa terra lonxana. As cores foron evoluíndo a máis detonantes e alegres, amosando un espírito anovador produto da súa alma inqueda. Cor e liñas permiten ao ollo observador rexistrar, en certa medida, a expresividade do autor, a definir unha imaxe, a delimitar o espazo e a deixarnos abraizados en tal o cal ocasión na que un cadro nos chega ó sentimento único de vitalidade, diferente para cada ocasión e para cada persoa. Riqueza de matices nas cores e sinxeleza na expresividade do motivo proposto.

Os seus temas: figuras femininas, mulleres sentadas, paisaxes, a inmensidade do mar, campesiños, emigrantes, formas, figuras, ás veces con fondo de paisaxes; outras veces, pinturas con afán simplemente volumétrico. A sensibilidade do artista vibra con todos os temas.



Deixemos ao poeta Rafael Alberti, amigo de Luís, que nos leve ao seu mundo artístico a través da poesía: “Un color finisterre, golpeado/Ojo que sueña el mar,/color mojado./Un pincel que se hiere,/que hasta rompe a llorar/y hasta se muere. Por los caminos de neblina,/violeros, /gaiteros/ perros y santos por-dioseros:/una aldea en la retina./ Colores/ con músicas y danzas de romeros/ playas serias de pescadores. El cántaro es de amor, /la patata, el pimiento,/ la botella y el mozo que se lleva la flor./ Y la lluvia y el viento/ (La lluvia, sí, pintor,/ ese constante/pañuelo popular/ que ya lava o deslava tu color). Quema, distante,/ el lar/ un canto de emigrante. Y siempre en tu paleta,/una nostalgia quieta./¡Y el mar! (poema *A la pintura* inserido no disco de Rafael Alberti do que Seoane fai a funda en 1970).

Unha viaxe marca novos camiños na súa obra artística. Adopta unha síntese formal segundo a estética do cubismo. Viaxa por Europa no 1949, xunto con Maruxa, perante 6 meses. Alí coñece a Pablo Picasso, a Manuel Colmeiro e a Manolo Ángles Ortiz. Visita talleres, fala da súa experiencia na Coruña e Bos Aires. En París contacta cos españois Peinado, Ginés Parra e Vives, asistindo ao Congreso da Integración das Artes. En Londres coñece a Henry Moore, Herbert Read, Topolsky e Lucien Freud, ademais de atoparse cos seus amigos Rafael Dieste e Augusto Assía. Aproveita esta viaxe para presentar óleos, acuarelas e gravados na Twenty Brook Street Gallery.

A actividade pictórica de Seoane increméntase ó seu retorno a Bos Aires. Comparte tarefas coa edición de libros e a revista *Galicia Emigrante*. Di C. Otero Vázquez (op. cit. Pax. 47): “Las fuentes que sirven de inspiración a Luis Seoane son las insculturas pre-históricas de las rocas gallegas, los antiguos miniados, sobre todo, aquellos del cartulario de la Catedral Compostelana, del Tumbo A, y los del Diurnal de Fernando I. La composición de escenas que los ilustran (a los libros editados por él. N.A.), los elementos ornamentales, la elección de los colores vivos, puros y brillantes, rodeados de un dibujo de ágiles contornos que porporcionan viveza en los rostros y fuerza expresiva, influirán no sólo en su obra de ilustrador, sino también en la de pintor y muralista”. Unha descrición exacta que pode axudar á hora de admirar un cadro de Seoane.

Seguir o itinerario da actividade pictórica de Seoane obriga a manter a mirada, permanentemente, en Bos Aires e na Galicia (e o Estado) asoballada deses anos e posteriores. Anos moi duros que van desenvolvendo unha conexión especial entre a “argentinidad” e a “galegitude” de Luís, imposible de apartar unha doutra e canto menos darlle porcentaxes de importancia. Porque Seoane é noso (digo isto como arxentino e como galego) mais tamén é inter-

nacional. Desenvolve unha arte pictórica integrada no espazo real, perto da arquitectura, sempre cun sentido social. Hai un espazo íntimo na súa pintura, mais sempre asociado ó espacial, integrando ese espazo, sempre, no social. Pintura con referencias constantes ós oprimidos, ós explotados, ós esquecidos. As cores e as liñas intégranse nese resultado final que é a súa personalidade vertida na obra de arte. Exprésase coas cores. Semella que se refire ó ceo azul ou ós campos verdes, ó mar case violeta que se perde no horizonte. Vai progresivamente incorporando secuencias con cores cada vez máis alegres e detonantes, lonxe dunha superficialidade e fiel reflexo das afirmacións de toda a súa personalidade. Cores que xogan cun contrapunto, con cores que toman peso na súa composición, mistura na súa paleta única (coma son únicas as de todos os pintores). Teño varias anécdotas sobre as cores de Seoane escoitadas nesas tertulias mencionadas. Mais non é este o medio axeitado para contalas.

Aínda manca un grande espazo de consideración da obra de Seoane que é a produción de gravados. Teño nas mans o catálogo da exposición de gravados que se fixera en 1963 na Coruña. Primeira exposición desde o seu regreso a Galicia, gravados en madeira que representan “toda una revolución en la técnica xilográfica” ó dicir de Fernando Mon que presenta o catálogo xunto con Isaac Díaz Pardo. E continúa Mon: “El empleo del ‘colage’ en el grabado, las calidades conseguidas con diversos procedimientos incisivos de la madera, las tonalidades con las dos tintas empleadas y, en fin, el desarrollo perfecto del dibujo, jerarquizan su obra con altas calidades (...) Luís Seoane se encuentra ahora en plena madurez. Prueba de ello es la exposición de grabados que presenta, en los que puede advertirse una singular maestría; un particular dominio de elementos más significativos de la técnica y de la expresión. Su estado fluctuante entre el abstractismo y la figuración, no es posición dubitativa del artista ante el problema estético, sino rotunda afirmación de una manera de hacer: la de conseguir el máximo de expresión con la menor cantidad posible de elementos accesorios. Esto es, afirmación de los valores fundamentales. Afirmación de la pasión creadora”. Foron 35 os excepcionais gravados presentados.

Salto desde este catálogo até un outro que tamén teño hoxe nas mans. Correspóndese a unha exposición de gravados realizada na cidade de Bos Aires en 2002, auspiciada polo Museo Nacional del Grabado (Arxentina) e comisariada por Albino Fernández e mais eu, poucos días antes do meu retorno definitivo a Galicia. A exposición titulábase “Seoane. Tacos y Estampas” e incluía unha significativa cantidade de matrices xilográficas e estampas, oportunamente doazón de Maruxa Seoane, vontade de Seoane expresada en vida do artista.

Todos os “tacos” realizados por Luís foron a parar a este “Museo Nacional del Grabado”. A sede do Museo estaba nunha casa colonial da cidade de Bos Aires. Hoxendía o seu destino é incerto para min. Coido que foi trasladada, mais non teño referencia certa onde. Esta exposición xorde por idea de Albino Fernandez, gran artista gravador, que lle facía tódolos traballos a Seoane e con punto de referencia nun traballo presentado no Consello Internacional de Museos durante a Conferencia Xeral do ano 2001 co título de “Luís Seoane: del tratamiento documental a la exhibición pedagógica” de Niella, Gómez e Uribe. Lembrades que máis arriba mencionaba eu a necesidade de utilizar a obra de Seoane ubicada na Fundación coma un elemento pedagóxico fundamental para Galicia e o mundo? Pois ben. Hai documentación internacional para avaliar tal necesidade. Prego ás autoridades que tomen nota.

Hai moitísima obra en gravados e moi variada. Mencionei a Albino Fernández. Criador de Albino y Asociados, editores foi o principal impulsor do “Club de la Estampa” cuxo propósito era agrupar a gravadores de prestixio, difundir a súa obra e xerarquizar a disciplina. Naceu Albino na Habana en 1921, fillo de galegos, viviu en Bos Aires desde 1950 até a súa morte en 2014. Foi amigo personal de Luís Seoane e tiñan unha estreita relación profesional. Axudou moitísimo a Maruxa, logo da desaparición de Luís, para incrementar e trasladar a obra a Galicia e posteriormente facer doazón á Fundación Luís Seoane.

Unha importante publicación vencellada ó noso artista é *Seoane. Imágenes de Galicia*, libro con 72 xilografías orixina-



les editados en 1978, en edición numerada, cun importante relato sobre gravado de Luís, en castelán e galego. Os personaxes, magnificamente ilustrados na obra, representan ó pobo, a clerecía e os cabaleiros e heroes do medievo galego. Certa morbosa actualidade lévanos a reproducir o gravado que representa o Bispo Aduolfo (s. IX) quen fora acusado de sodomía e aplicóuselle o Xuízo de Deus: téndoselle botado no chan e botado un touro bravo, este saíu furioso do seu encerro, dirixíuse a Aduolfo e axionllouse diante do Bispo. “Cousas veredes, Sancho”, dicía o Quixote.


AS ACUARELAS: última exposición na Coruña

Dous meses antes do pasamento de Maruxa Seoane (25/03/2003) inaugurouse na Coruña unha exposición-homenaxe á súa persoa na que a viúva do artista presentou as magníficas acuarelas realizadas por Luís Seoane. Realizada pola Fundación Luís Seoane e a colaboración do Concello da Coruña a exposición tivo o comisariado de Rosa Espiñeira Pan.

Dinos a Curadora da Exposición no libro editado pola Fundación Luís Seoane, *Acuarelas*: “A relación que ten Luís Seoane coa acuarela remóntase aos seus anos de estudante en Santiago de Compostela celebrando algunha exposición de acuarelas, das que, parece ser, non se conserva ningunha, e iniciándose no mundo da ilustración con debuxos acuarelados para libros de amigos escritores (...)”. A primeira mostra de acuarelas e guaches realízase en Bos Aires no 1940. No 1947 realiza unha outra exposición na Galería Viau de Bos Aires. Posteriormente, no 1949, el e Maruxa viaxan a Europa e Luís pinta unha serie de acuarelas en Londres que serán adquiridas por coleccionistas arxentinos. A partir dos anos 50 e nas décadas do 60 e do 70 realiza a maior cantidade de acuarelas, reflexo de viaxes pola xeografía arxentina ou europea. Segue a dicir a Curadora na obra citada: “As súas paisaxes, os seus ceos poden ser de calquera parte ou de ningunha. Un artista que ama a cor non podía deixar de traballar esta técnica, por iso as súas acuarelas están cheas de cor, humildade, luminosidade, fugacidade, natureza, auga, vento, treboada, emoción, semella coma si agarrase as nubes e fose dándolles cor e, o branco puro do papel que Seoane reserva nas súas acuarelas, non só cumpre unha función plástica, é unha expresión do baleiro, principio fundamental do pensamento chinés que el coñece. En Seoane sempre se percibe unha conexión entre a súa pintura, debuxo, gravado, acuarela, poesía...”.

Non se pode describir nestas liñas a impresión que provocan no espectador os temas, as cores e os trazos destas acuarelas. As últimas foron feitas en 1979 pouco antes da súa desaparición física entre nós.

“Utilicei a acuarela espontaneamente, tratando de non desnaturalizar a súa índole sobando as cores, opacándoas, restándolles frescura”. (Luís Seoane. 1976, Víctor Najmías Art Gallery Internacional. Bos Aires, decembro 1976/ febreiro 1977).



HOMENAXE FINAL

Non podemos menos que insistir no dito desde o título deste traballo: Merecida homenaxe da Real Academia Galega de Belas Artes a un artista creador: pintura, murais, deseños, teoría da arte, edición, caricaturas e debuxos. Merecida a atribución do ano 2019 coma “Ano Seoane da Arte Galega”. Merecida, tamén, calquera outra homenaxe que o pobo galego faga a este artista excepcional. Mais o noso desexo máis fondo é que esa homenaxe se traslade a unha maior e permanente actividade de difusión, participación colectiva e coñecemento cabal da súa obra.

Nunha carta que Luís me enviara o 30 de agosto do 1971 desde A Coruña dicía, entre outras importantes referencias á actualidade galega: “En una fiesta cualquiera, en una gallega, que es la que viene a cuento, no se comienza por poner juegos de iluminación, sino por la danza, la canción y el santo patrono a que se dedica. La iluminación y los cohetes son el añadido que se hace para conseguir un mayor esplendor.

Nesta “festa” da arte galega que se levará adiante no ano 2019 adicado a Luís Seoane temos que comezar por coñecer moi ben a obra. Logo poderemos aturar fotos oficiais en inauguracións, presentacións de libros ou exposicións *ad hoc*.

Aínda que a mirada é fundamental no mundo da arte, gustárame citar a Saint-Exupéry cando dicía: “Só se ve ben co corazón, o esencial é invisible ós ollos”. A arte de Seoane é unha arte esencial e os galegos temos que aprender a amar ós nosos creadores.

BIBLIOGRAFÍA

Obras de Luís Seoane

Poesía

- *Fardel d’eisilado* (Buenos Aires, Edicións Anxel Casal, 1952).
- *Na brétema*, Sant-Yago (Buenos Aires, Ediciones Botella al Mar, 1956).
- *As cicatrices* (Buenos Aires, Editorial Citania, 1959).

Narración

- *Tres follas de ruda e un allo verde* (inédito). Publicado en traducción castellana: *Tres hojas de ruda y un ajo verde* (Buenos Aires, Ediciones Botella al Mar, 1948).

Teatro

- *A soldadeira* (inédita). Publicada en traducción castellana: La soldadera (Buenos Aires, Editorial Ariadna, 1957).

Ensaio

- *Irlandés astrólogo*.
- *Eiroa* (Vigo, Galaxia, 1957).
- *Castelao artista* (Buenos Aires, Alborada, 1969).
- *Homaxe a un paxaro* (La Coruña, Ediciós do Castro, 1969).
- *Retratos de esguello* (La Coruña, Ediciós do Castro, 1968).
- *O conde asesino de Sobrado* (La Coruña - Buenos Aires, Ediciós Cuco-Rei, 1971).
- *Arte mural. La ilustración*. Editorial Sudamericana. 1974.


Obra en castelán

- *Figurando Recuerdos*. Buenos Aires: Editorial Citania, 1959.
- *Paradojas de la Torre de Marfil*. Buenos Aires: Ediciones Botella al Mar, 1952.
- *65 grabados de madera-impresos con tacos originales*, Plástica, Buenos Aires, 1943.

Libros e Álbumes de Debuxos e Grabados

- *Trece estampas de la traición*. Debuxos. Prólogo de N.A.Frontini. Edición do autor. Bos Aires. 1937.
- *Muiñeira*. Litografías. Poema de Rafael Dieste. Ediciones Resol. Bos Aires. 1941.
- *¡Eh, los toros!* Siete grabados en madera. Poemas de Rafael Alberti. Emecé Editores, Bos Aires, 1942.
- *María Pita y tres retratos medievales*. Gravados en madera. Poemas de Lorenzo Varela. Ediciones Resol, Bos Aires, 1944.
- *Homenaje a la Torre de Hércules*. Debuxos. Prólogo de Rafael Dieste. Editorial Nova, Bos Aires, 1944.
- *Veinte dibujos*. Ediciones Botella al Mar. Bos Aires. 1951.
- *Paradojas de la torre de marfil*. Debuxos. Ediciones Botella al Mar. Bos Aires, 1952.
- *Libro de Tapas*. Debuxos en cores. Poema de Lorenzo Varela. Prólogo do autor. Ediciones Botella al mar. Bos Aires, 1953.
- *Segundo Libro de Tapas*. Debuxos en cores. Poema de Lorenzo Varela. Prólogo de E. Jonquieres. Ediciones Bonino, Bos Aires, 1957.
- *El toro júbilo*. Gravados en madeira. Prólogo do autor. Ediciós do Castro. A Coruña, 1963.

- *O Meco*. Gravados en madeira. Prólogo do autor. Ediciós do Castro. A Coruña, 1963.
- *Homenaje a Venecia*. Gravados en madeira. Prólogo do autor. Poema de Guillermo Whitelow.
- *32 Refranes criollos*. Gravados en madeira. Prólogo de León Benarós. Ediciós EUDEBA. Bos Aires, 1965. (Nota: foron publicados 10.000 exemplares para venta entre estudantes da Universidade de Bos Aires a custe reducidísimo).
- *Los pulpos*. Gravados en madeira. Ediciones Das Schwarze Schafft. Münster, 1968.
- *Retratos furtivos*. Debuxos. Prólogo do autor. Editorial Brújula, Bos Aires, 1968.
- Retratos de esguello. Debuxos. Prólogo de I. Díaz Pardo. Ediciós do Castro, A Coruña, 1968.
- *Almanaque 1969*. Centro Editor de América Latina. Bos Aires, 1968.
- *Homenaxe a un paxaro*. Gravados en madeira. Prólogo do autor. Ediciós do Castro, 1968.
- *Otros retratos furtivos*. Debuxos. Editorial Brújula. Bos Aires. 1969.
- *Martina Céspedes*. Gravados en madeira a dúas cores. Ediciones Martina Céspedes, Bos Aires, 1972.
- *Un feixe de debuxos case esquecidos*. Ediciós do Castro. A Coruña. 1973.



- *Insectario*. Gravados en madeira. Prólogo de Edmundo Patiño. Ediciones Tres, catorce, diecisiete. Madrid. 1975.
- *Martin Fierro*, de José Hernandez. Ediciones Bonino. Bos Aires. 1972.
- *El Matadero*. Esteban Echeverría. Ediciones La Garza, Bos Aires, 1974.
- *Imágenes de Galicia*. 72 litografías originales. Albino y Asociados, Editores. Bos Aires. 1978.
- *Manuscritos*. "Cierro los ojos y veo". Debuxos. Edicións de Albino y asociados editores, Buenos Aires, 1978. Edición para bibliófilos, en papel Carlyle japan, asiados polo autor en lápiz. Inclúe textos manuscrito do autor. Edición non comercial.
- *Figuracións*. Escolma, edición e estudo de Lino Braxe e Xavier Seoane. Deputación da Coruña. A Coruña, 1990.



Obras sobre Luís Seoane

- ALBERTI, Rafael: *A la pintura*. Buenos Aires, Edit. Losada, 1953.
- ALONSO MONTERO, X.: *As palabras no exilio*, Xerais, Vigo, 1994.
- ALONSO MONTERO, X.: *Escritores, desterrados e desacougados*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1981.
- ALONSO MONTERO, X.: *Luis Seoane*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994.
- ALVA NEGRI, T.: *Luis Seoane*, Academia Nacional de Bellas Artes, Buenos Aires, 1981.
- ALVA NEGRI, T.: *Luis Seoane*, Galería Bonino, Buenos Aires, 1970.
- ALVA NEGRI, T.: *Magia y realidad en la obra de Luis Seoane*, Paidós, Buenos Aires, 1967.
- ÁLVAREZ POUSA, L.: *Figuracións. Luís Seoane*, en *La Voz de Galicia*, Biblioteca Gallega, A Coruña, 1994.
- AXEITOS, X.L.; SEOANE, X.: *Luis Seoane e o libro galego na Arxentina (1937-1978)*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1994.
- AZCOAGA, E.: *Luis Seoane*, Galería Durán, Madrid, 1970.
- BLANCO, E.: *Insectario*, Galería Sargadelos, Madrid, 1975.
- BLUM, S.: *Arte Argentino Contemporáneo*, Ameris, Madrid, 1979.
- BLUM, S.: *Grabados de Luís Seoane*, Esquema XX, Buenos Aires, 1961.
- BRAXE, L.; SEOANE, X.: *Escolma de textos da audición radial de Luís Seoane Galicia Emigrante (1954-1971)*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1989.
- BRAXE, L.; SEOANE, X.: *Luis Seoane y el teatro*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1996.
- BRAXE, L.; SEOANE, X.: *Luis Seoane. Figuracións*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1990.
- BRAXE, L.; SEOANE, X.: *Luis Seoane. Textos sobre arte*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1997.
- CAMPOY, A. M.: *Diccionario crítico del Arte español contemporáneo*. Madrid, Ibérico Europea de Edic., 1973.
- CARBALLA, X.; SÁNCHEZ, C.: *Luis Seoane*, A Nosa Terra, Vigo, 1994.
- CASTRO ARINES, J. de.: *Arte y Nacionalismo. La Vanguardia histórica (1925-1936)*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1992.
- CASTRO ARINES, J. de.: *Luis Seoane*, Dirección General de Bellas Artes, Madrid, 1963.
- Castro Arines, José de: *Luis Seoane*. Madrid, Dirección General de Bellas Artes, 1963.

- CID CABIDO, X.: *Luís Seoane. Unha fotobiografía*, Xerais, Vigo, 1994.
- CONCELLO DE OLEIROS. *A Figura de Luís Seoane no Concello de Oleiros*. Oleiros, A Coruña, 1994.
- CUADRADO, A.: *Dibujos de Seoane*, Botella al Mar, Buenos Aires, 1950.
- CUBA, X.: *Luís Seoane. A forma da patria*, Espiral Maior, A Coruña, 1994.
- DÍAZ PARDO, I.; DÓNEGA, M.: *8 artistas do Movemento renovador da arte galega, II Mostra Antolóxica da Arte Galega*, Círculo das Artes, Lugo / Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1980.
- DÍAZ, X.: *Luís Seoane. A forxa da modernidade*, Vía Láctea, A Coruña, 1994.
- DÍAZ, X.: *Textos sobre arte galega e deseño. Luís Seoane*, A Nosa Terra, Vigo, 1994.
- *Dibujantes y grabadores de América*, Centro Editor de América Latina, Buenos Aires, 1976.
- DIESTE, R.: *Luís Seoane*, Galería Aelee, Madrid, 1975.
- DÓNEGA, M.: *Luís Seoane, vida e obra literaria*, Real Academia Galega, A Coruña, 1994.
- FERNÁNDEZ del RIEGO, F.: *Luís Seoane desde la memoria*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1994.
- FUNDACIÓN LUÍS SEOANE. *Luís Seoane: obra cartelística*. A Coruña, 1998.
- FUNDACIÓN LUÍS SEOANE. *Luís Seoane: acuarelas*. A Coruña, 2003
- GALLEGO, A.: *Historia del grabado en España*, Cátedra, Madrid, 1979.
- GARCÍA SABELL, D.: *Carta ao pintor Luís Seoane*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1983.
- GARCÍA SABELL, D.: *Seoane*, Galaxia, Vigo, 1954.
- GARCÍA SABELL, D.: *Seoane, grabador*, Galaxia, Vigo, 1965.
- GLUSBERG, J.: *Luís Seoane, fiesta de luz y color*, Art Gallery International, Buenos Aires, 1968.
- GLUSBERG, Jorge: *Luís Seoane: fiesta de luz y color*. Buenos Aires, 1968.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, H.: *Luís Seoane, vida e obra*, Galaxia, Vigo, 1994.
- Gutiérrez Viñuales, Rodrigo y Seixas Seoane, Miguel Anxo. *Buenos Aires. Escenarios de Luís Seoane*, La Coruña. Fundación Luís Seoane, 2007.
- IRIZARRY, E.: *Escritores-pintores españoles del siglo XX*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1990.
- LEDO, X.: *Luís Seoane*, Galería Ceibe e Mestre Mateo, A Coruña, 1975.
- SEOANE, Luís - Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 1994.
- SEOANE, Luís, *Grial* núm.65, Galaxia, Vigo, 1979.
- SEOANE, Luís. *Obra cartelística*, Fundación Luís Seoane, A Coruña, 1994.

- SEOANE, Luís. *Pinturas, debuxos e gravados, 1932-1979*, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1999.
- SEOANE, Luís. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994.
- SEOANE, Luís. *Recorrido por sus murales de Buenos Aires*. Tríptico. XUNTA DE GALICIA. IGADI. 2005.
- *Medio século de Arte galega* (catálogo), Consellería de Cultura e Xuventude, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1991.
- MON, Fernando: *Pintura contemporánea en Galicia*. A Coruña, Caixa Galicia. 1987.
- MONTERROSO MONTERO, J.M.: *Catálogo de obras. Do primitivo na arte galega ata Luís Seoane. Procesos de creación artística e de identidade nacional*, Fundación Luís Seoane, A Coruña, 2006.
- MÚJICA LAINEZ, M.: *Luís Seoane*, Galería Bonino, Buenos Aires, 1954.
- MÚJICA LÁINEZ, Manuel y otros: *Seoane*. Buenos Aires, Galería Bonino, 1966.
- NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M.: *Luís Seoane. Textos inéditos*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, 1951.
- OTERO VÁZQUEZ, C.: *Luís Seoane*. A Coruña. Deputación Provincial 1991.
- PABLOS, F.: *A Pintura en Galicia. Do XVII ás últimas tendencias*, Nigra Trea, Vigo, 2003.
- PABLOS, Francisco: Colección Adriano Marques de Magallanes. Vigo, Excmo. Ayuntamiento, 1992.
- PABLOS, Francisco: *Plástica gallega*. Vigo, Caixavigo, 1981.
- PABLOS, Francisco: *Serigrafías de arte*. Vigo, 1971.
- PALMÁS, R.: *Emigración galega na Arxentina*, Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1978.
- PAYRÓ, J. E.: *Seoane*, Art Gallery International, Buenos Aires, 1981.
- PILLADO, F.; SÁNCHEZ, C.: *Luís Seoane: compromiso e paixón criadora*, A Nosa Terra, Vigo, 1985.
- POZO GARZA, L.: *Galicia ferida (A visión de Luís Seoane)*, Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1994.
- REI NÚÑEZ, L.: *Luís Seoane, 1970-1979*, Ministerio de Cultura, Museo de Belas Artes de A Coruña e Xunta de Galicia, 1991.
- REI NÚÑEZ, L.: *Seoane. Mostra antolóxica*, Xunta de Galicia e Concello da Coruña, A Coruña, 1989.
- SÁNCHEZ, M.A.: *Seoane*, Centro Editor de América Latina, núm. 32, Buenos Aires, 1980.
- SÁNCHEZ, M.A.: *Seoane*, Centro Editor de América Latina, núm. 86, Buenos Aires, 1981.

- SANTORUM, A.; SANTORUM, M.: *Luís Seoane o alquimista*, Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1998.
- SEOANE, X.: *A voz dun tempo. Luís seoane: o criador total*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1994.
- SEOANE, X.: *Reto ou rendición*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1998.
- SQUIRRU, R.: *Seoane. Estudio crítico-biográfico*. Buenos Aires, Edic. Dead Weight, 1976.
- SUCARRAT, F.: *Luís Seoane, su obra poética y su importancia en la literatura gallega actual*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1977.
- SUCARRAT, Francine: *Luís Seoane*. Sada, A Coruña, Ediciós do Castro, 1977.
- V.V.A.A.: *Do primitivo na arte galega ata Luís Seoane. Procesos de creación artística e de identidade nacional*, Fundación Luís Seoane, A Coruña, 2006.
- V.V.A.A.: *Itinerario do trazo. Debuxo e ilustración de Luís Seoane*, Fundación Luís Seoane, Sociedad estatal de Conmemoraciones Culturales, A Coruña, Madrid, 2007.
- VARELA, Lorenzo: *Luís Seoane*, Galería Bonino, Buenos Aires, 1961.
- VARELA, Lorenzo: *Seoane o el arte sometido a la libertad*, Esquema XX, Buenos Aires, 1966.
- VARELA, Lorenzo: *Seoane*, Botella al Mar, Buenos Aires, 1948.
- VARELA, Lorenzo: *Seoane*. Buenos Aires, Botella al Mar, 1948.
- VILLANOVA, A.: *Los gallegos en la Argentina*, Galicia, Buenos Aires, 1966.
- WHITELOW, G.: *Luís Seoane*, Galería Bonino, Buenos Aires, 1959.



DIA DAS ARTES GALEGAS

1 ABRIL 2019



 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

 Deputación
DA CORUÑA

 Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

 Ñ

 Real Academia Galega
de Belas Artes

Cartaz da Real Academia Galega de Belas Artes.

Xa publicados

- Nº 1 - «Xosé María Díaz Castro» · E. Mariño Davila, V. Pérez Prieto, A. Blanco Torrado
- Nº 2 - «De Galicia a Chiloé. *Chile a la vista de E. Blanco-Amor*» · Luis Pérez Rodríguez
- Nº 3 - «Impresións de Emilia Pardo Bazán sobre a Primeira Guerra Mundial» · M. González Prieto e R. Axeitos Valiño
- Nº 4 - «Moncho Valcarce: un militante social e político galeguista, un cura atípico, un profeta e un místico cristián» · VV.AA.
- Nº 5 - «Evocación e lembranza de Manuel Espiña Gamallo» · VV.AA.
- Nº 6 - «Luisa Viqueira Landa: unha heroína republicana» · VV.AA.
- Nº 7 - «Oitava de voces para Manuel María» · VV.AA.
- Nº 8 - «A longa pósguerra (1936-1953) de Ramón Vilar Ponte» · José-Mª Monterroso Devesa
- Nº 9 - «Maruja Mallo: vida e exilio dunha artista universal» · Carlos Novo Cal e Analía Álvarez González
- Nº 10 - «Os seis poemas galegos de Federico García Lorca» · Luis Pérez Rodríguez
- Nº 11 - «Julio J. Casal e Galiza» · José Mª Monterroso Devesa
- Nº 12 - Filomena Dato Muruais a poeta das Mariñas · Xesús Torres Regueiro
- Nº 13 - Inaguración da escultura en homenaxe a Emilia Pardo Bazán · Manuel González Prieto

José Martínez-Romero Gandos Fillo de emigrantes da Terra de Montes desenvolve na Arxentina unha dilatada actuación na Colectividade galega emigrada ó Río da Plata.

Participa na vida cultural galega da emigración desde 1960 até o seu retorno definitivo á Terra no 2002. Nesa actividade na emigración acada diferentes cargos institucionais sendo os principais Presidente da Asociación Arxentina de Fillos de Galegos de relebrada actuación nas épocas da ditadura franquista, Presidente da Sociedade de Campo Lameiro e Presidente da Unión de Asociacións Galegas da República Arxentina.

Leva adiante en Bos Aires, por varios anos, a audición radial “Nós, os galegos. Galiza como Nación”, exclusivamente adicada a espallar música, cultura, comentarios e novidades da nosa Terra.

No ámbito profesional acada o grao académico de Doutor en Psicoloxía (Universidade da Coruña) cunha Tese sobre os galegos emigrados ó Río da Plata. É Licenciado en Psicoloxía e na Coruña adicase á asistencia de inmigrantes e de mulleres vítimas da violencia doméstica.

Publica varios traballos en galego sobre temas vencellados á emigración e á Psicoloxía dos migrantes.

Está casado con Pilar Jeremías Cela e ten fillos e netos que residen todos na provincia de A Coruña.

Martínez Romero é colaborador habitual de AREAL e participou nunhas xornadas dedicadas a Ricardo Flores e nos fixo, xunto coa súa muller Pilar Jeremías, depositarios de diversos documentos persoais de Ricardo Flores.

Edita



A. C. IRMÃOS
SUÁREZ
PICALLO

Colabora

